

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

IES RAMÓN M^a ALLER ULLOA

INDICE

TÍTULO I: DOS ÓRGANOS DE XESTIÓN, GOBERNO E COORDINACIÓN DOCENTE

Capítulo 1.-ÓRGANOS DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

Sección I: Consello Escolar

Sección II: Claustro de Profesorado

Sección III: Equipo Directivo

Capítulo 2.-ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Sección I: Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Sección II: Departamentos Didácticos e de Orientación

Sección III: Comisión de Coordinación Pedagóxica

Sección IV: Coordinador/a de formación en centros de traballo

Sección V: Equipo de Dinamización Lingüística

Sección VI: Xunta de Avaliación

Sección VII: Xunta de Aula

TÍTULO II: DA ORGANIZACIÓN EDUCATIVA

Capítulo 1.-Da xornada escolar e do horario

Capítulo 2.-Da titoría

Capítulo 3.-Das gardas

Capítulo 4.-Da biblioteca

Capítulo 5.-Das relacións coas familias

TÍTULO III: DO PERSOAL

Capítulo 1.-Do persoal docente

Sección I: Obrigas do persoal docente

Sección II: Acción do profesorado na corrección de condutas

Sección III: Das ausencia ao traballo

Capítulo 2.-Persoal de Administración e Servizos

TÍTULO IV: ALUMNADO

Capítulo 1.-Dereitos e deberes do alumnado

Capítulo 2.-Órganos de representación e participación do alumnado

Sección I: Dos delegados/as de aula

Sección II: Da Xunta de Delegados/as

Capítulo 3.-Da asistencia ás clases e demais actividades lectivas

TÍTULO V: NORMAS DE CONVIVENCIA

Capítulo 1.-Do uso das dependencias e da conservación do mobiliario

Capítulo 2.-Das condutas contrarias ás normas de convivencia

Sección I: Consideracións e gradación das mesmas

Sección II: Tipificación e corrección

Capítulo 3.-Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Sección I: Das condutas que prexudican gravemente a convivencia

Sección II: Procedemento para a tramitación de expedientes disciplinarios.

Capítulo 4.-Da cesión do uso das instalacións do Centro

Capítulo 5.- Proxecto ABALAR. Normativa de uso, guía, mantemento e coidado do portátil.

Preámbulo

Nestas Normas abórdanse aspectos da vida do centro que é necesario concretar co fin de coordinar os medios existentes e unificar criterios de actuación.

Este documento, que regula as normas de organización e funcionamento do centro, ten como obxectivos xerais os seguintes:

- a) Fixar a organización, funcións e participación dos membros da comunidade educativa.
- b) Regular as normas básicas de funcionamento do centro.
- c) Establecer pautas xerais de organización interna do centro.
- d) Precisar dereitos e deberes do alumnado, profesorado, pais/nais e persoal administrativo e de servizos.
- e) Previr e corrixir condutas contrarias á convivencia.
- f) Garantir un ambiente educativo de respecto entre todos os membros da comunidade educativa, que faga posible o cumprimento óptimo dos fins da educación.

Este documento afecta a todos os membros da comunidade educativa do **Ramón M^a Aller Ulloa**: alumnado, profesorado, pais/nais ou titores legais e persoal administrativo e de servizos.

Ser integrante desta comunidade compromete á súa aceptación e cumprimento.

TÍTULO I
DOS ÓRGANOS DE XESTIÓN, GOBERNO E DE COORDINACIÓN
DOCENTE

CAPÍTULO 1
ÓRGANOS DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN
Sección I Consello Escolar

Artigo 1

Ten as funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei Orgánica 2/2006, o artigo 57 da Lei Orgánica 8/1985.

Artigo 1 bis

O Consello Escolar reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente/a, o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros ou un dos estamentos representados nel. Nestes dous últimos casos, o/a presidente/a realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición da convocatoria.

En todo caso reunirase ao inicio e remate do curso.

A convocatoria das reunións ordinarias deberá facerse con alomenos unha semana de antelación. Para as reunións extraordinarias será suficiente con vinte catro horas. En todo caso a convocatoria, acompañada da orde do día, será por escrito e individual.

O profesorado pertencente ao Consello Escolar están obrigados a asistir ás reunións do mesmo.

Artigo 2

O quórum para a válida constitución do Consello Escolar, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do presidente/a e secretario/a ou, de ser o caso, dos que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

Se non existise quórum, o Consello Escolar constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora; neste

caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas que os substitúan.

Sen prexuízo do anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer, con carácter excepcional, a esixencia de maioría cualificada na toma de determinadas decisións de especial importancia para o funcionamento do centro e que afecten ao conxunto da comunidade educativa.

Os acordos tomaranse por maioría absoluta dos membros presentes con dereito a voto. De non acadar a maioría na primeira, realizaranse sucesivas votacións nas que será suficiente a maioría simple. De producirse empates en sucesivas votacións, realizada a terceira, a proposta quedará rexeitada.

Para os efectos de cómputo de votos para a toma de decisións soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto.

As votacións, de non haber petición en contra, realizaranse a man alzada, sen prexuízo do establecido para procedementos concretos.

Calquera membro do Consello Escolar poderá formular un voto particular -que deberá manifestar expresamente- en contra dos acordos que se tomen, co que quedará eximido de toda responsabilidade nos mesmos. Neste caso deberao presentar por escrito perante o/a secretario/a do Consello no prazo de corenta e oito horas desde a celebración da reunión.

Para a modificación de acordos tomados polo Consello Escolar deberá contarse cunha maioría cualificada dos dous terzos dos seus membros.

Artigo 3

A orde do día, que se enviará conxuntamente coa convocatoria, será aberta, de xeito que calquera membro, avalado por alomenos un terzo dos membros do Consello, poderá incluír un novo punto. Deberá comunicar esta circunstancia inmediatamente ao presidente/a para que a transmita ao resto dos membros do Consello Escolar.

Con carácter de urxencia poderá presentarse algún punto novo ao inicio da reunión. Neste caso será o Consello Escolar por unanimidade o que decida sobre a súa inclusión ou non.

Os membros dos estamentos no Consello Escolar realizarán entre os seus representados, polos mecanismos que consideren oportunos, consultas para recoller información sobre os temas que lles afecten.

Nas reunións ordinarias haberá, ademais da proposta de aprobación da acta da reunión anterior, un punto dedicado a propostas e suxestións. As propostas feitas dentro deste apartado non poderán ser, en ningún caso, obxecto de acordo.

Nas reunións extraordinarias trataranse exclusivamente os temas que foron motivo da convocatoria.

As actas, que se redactarán en galego, serán presentadas para a súa aprobación na seguinte reunión ordinaria que se celebre. Con valor informativo, rematada a sesión, o Secretario/a fará público un extracto dos acordos tomados.

Artigo 4

Coa finalidade de aumentar a operatividade do Consello Escolar, establécense as seguintes comisións de traballo nas que participarán membros deste órgano:

- a) Comisión económica. Estará integrada polo director/a, o secretario/a, un profesor/a, un alumno/a e un pai/nai elixidos polos respectivos sectores, que se reunirá para valorar os gastos de funcionamento do curso anterior e o orzamento anual realizado polo secretario/a.
- b) Comisión de convivencia. Terá como finalidade analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar, así como ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidade no tema da convivencia. Estará composto por: O director/a, o xefe/a de estudos, dous representantes do profesorado, un representante do alumnado, un representante dos pais e nais e un representante do persoal non docente. Poderá asistir o/a Orientador/a con voz, pero sen voto.

Sección II

Claustro de Profesorado

Artigo 5

Terá as funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006.

Artigo 5 bis

O Claustro reunirse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu presidente/a, ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros.

Neste último caso, o/a presidente/a realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición da convocatoria.

En todo caso reunirse ao inicio e remate do curso e unha vez por trimestre.

A convocatoria das reunións ordinarias deberá facerse con alomenos unha semana de antelación. Para as reunións extraordinarias será suficiente con vinte catro horas. En todo caso a convocatoria, acompañada da orde do día, será por escrito e individual.

O profesorado pertencente ao Claustro está obrigado a asistir ás reunións do mesmo.

Artigo 6

O quórum para a válida constitución do Claustro, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do/a presidente/a e secretario/a ou, de ser o caso, dos que os substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros.

Se non existise quórum, o Claustro constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e á mesma hora; neste caso será suficiente a asistencia da terceira partados seus membros, e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do presidente e o/a secretario/a ou persoas que os substitúan.

Sen prexuízo do anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer, con carácter excepcional, a esixencia de maioría cualificada na toma de determinadas decisións de especial importancia para o funcionamento do centro e que afecten ó conxunto da comunidade educativa.

Os acordos tomaranse por maioría absoluta dos membros presentes con dereito a voto. De non acadar a maioría na primeira, realizaranse sucesivas

votacións nas que será suficiente a maioría simple. De producirse empates en sucesivas votacións, realizada a terceira, a proposta quedará rexeitada.

Para os efectos de cómputo de votos para a toma de decisións soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto.

As votacións, de non haber petición en contra, realizaranse a man alzada, sen prexuízo do establecido para procedementos concretos.

Calquera membro do Claustro poderá formular un voto particular -que deberá manifestar expresamente- en contra dos acordos que se tomen, co que quedará eximido de toda responsabilidade no mesmo. Para iso deberao presentar por escrito perante o/a secretario/a do Claustro no prazo de corenta e oito horas desde a celebración da reunión.

Para a modificación de acordos tomados polo Claustro deberá contarse cunha maioría cualificada dos dous terzos dos seus membros.

Artigo 7

A orde do día, que se enviará conxuntamente coa convocatoria, será aberta, de xeito que calquera membro, avalado por alomenos un terzo dos membros do Claustro, poderá incluír un novo punto. Deberá comunicar esta circunstancia inmediatamente ao presidente/a para que a transmita ao resto dos membros do Claustro.

Con carácter de urxencia poderá presentarse algún punto novo ao inicio da reunión. Neste caso será o Claustro en pleno o que decida sobre a súa inclusión ou non.

Nas reunións ordinarias haberá, ademais da proposta de aprobación da acta da reunión anterior, un punto dedicado a propostas e suxestións. As propostas feitas dentro deste apartado non poderán ser, en ningún caso, obxecto de acordo.

Nas reunións extraordinarias trataranse exclusivamente os temas que foron motivo da convocatoria.

As actas, que se redactarán en galego, serán presentadas para a súa aprobación na seguinte reunión ordinaria que se celebre.

Sección II

Equipo Directivo

Artigo 8

O director/a, o vicedirector/a, o xefe/a de estudos e o secretario/a forman o equipo directivo e son os órganos unipersoais de goberno do IES Ramón M^a Aller Ulloa.

. As competencias destes cargos están reflectidas no Decreto 324/1996 do 26 de xullo que establece o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG 9 de agosto de 1996).

. A selección, nomeamento e cesamento do director/a está regulada na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro e nos preceptos que se manteñen vixentes do Decreto 29/2007 do 8 de marzo (DOG 12 de marzo de 2007).

CAPÍTULO 2

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN E ACCIÓN DOCENTE

Sección I

Departamento de Actividades Complementarias e extraescolares

Artigo 9

Despois de constituírse celebrará unha primeira reunión ao principio de curso co obxecto de elaborar o plan inicial de actividades extraescolares e complementarias a partir das propostas realizadas polo profesorado e os departamentos e presentalo ao Consello Escolar. Estará presidido polo vicedirector/a do centro.

Artigo 10

Reunirase alomenos unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o vicedirector/a.

Artigo 11

Sen entrar a valorar o interese educativo que por si mesmas teñen as actividades (viaxes culturais, competicións deportivas, celebracións festivas de días sinalados, conmemoracións, ciclos, charlas, actividades encamiñadas a

complementar os estudos académicos) no proceso formativo do alumnado, para unha maior eficacia e mellor integración na acción docente, o plan de actividades do noso Centro ten que axustarse aos criterios que se sinalan nos artigos seguintes.

Artigo 12

Os Departamentos farán propostas concretas de actividades culturais, sobre todo, daquelas que vaian encamiñadas a completar aspectos formativos do alumnado en cada área de coñecementos que lle son propios.

Artigo 13

O deseño e planificación da actividade deberá implicar o compromiso firme da súa realización por parte de quen a propón.

Artigo 14

Na proposta, que se presentará alomenos cun mes de antelación, deberase facer constar expresamente o nivel ou colectivo de alumnado de asistencia preferente.

Artigo 15

Toda proposta de actividade, feita individualmente ou en grupo (Departamentos, profesorado, etc.) remitirase ao vicedirector/a para ser analizada e incorporada á Programación de actividades complementarias e extraescolares e, no seu caso, presentala para a aprobación ao Consello Escolar.

Artigo 16

Para as viaxes de interese cultural, cada profesorado/a deberá facer as propostas desde o ámbito do seu Departamento. Estas deberán conter, en todo caso, os aspectos que se indican a continuación:

- a) Finalidade da viaxe.
- b) Itinerario e destino.
- c) Número de alumnados/as e nivel.
- d) Profesorado responsable da realización do proxecto.
- e) Memoria económica do proxecto.

Artigo 17

Ao alumnado deberáselle explicar claramente a intencionalidade e os obxectivos da viaxe e comprometerlos na súa consecución.

Artigo 18

Como norma xeral, non se deberán programar viaxes que teñan prevista a súa realización máis alá da segunda semana de maio.

Artigo 19

O número de profesorado acompañante con dereito a axudas de custo, fixadas regulamentariamente, será de un por cada grupo de 20 alumnados/as ou fracción, dentro do Estado Español. Nas viaxes ao estranxeiro, será de un por cada grupo de 15 alumnados/as ou fracción.

Artigo 20

Todo alumnado/a, menor de idade, deberá contar con permiso expreso, por escrito, do seu pai/nai ou titor legal para poder participar nas viaxes culturais. Se a viaxe é ao estranxeiro, deberá contar tamén co permiso expedido pola Garda Civil.

Sección II

Departamentos Didácticos e de Orientación

Artigo 21

Os Departamentos Didácticos e de Orientación celebrarán, alomenos, unha reunión mensual en horario acordado por todos os seus membros. A asistencia ás reunións dos Departamentos é obrigatoria para todos os seus membros.

Artigo 22

Nos Departamentos Didácticos, un punto da orde do día desa reunión mensual terá por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica e establecer as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias.

Artigo 23

No Departamento de Orientación un punto da orde do día desa reunión mensual terá por obxecto facer o seguimento do plan de orientación académica e profesional e do plan de acción tutorial do centro.

Sección III

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Artigo 24

Celebrará todas e cantas reunións sexan precisas para realizar as súas funcións. En todo caso, as primeiras reunións do curso terán como obxectivo fundamental establecer as directrices básicas para a elaboración das programacións didácticas dos Departamentos e propoñer a planificación xeral das sesións de avaliación.

Sección IV

Coordinador/a de formación en centros de traballo

Artigo 25

O/a coordinador/a manterá as reunións periódicas necesarias cos titores/as dos ciclos formativos, convocando, alomenos, unha reunión mensual con eles. A asistencia ás reunións é obrigatoria.

Sección V

Equipo de Dinamización Lingüística

Artigo 26

Realizará todas as reunións necesarias para cumprir as súas funcións e, despois de constituído, celebrará unha primeira reunión para propoñer o plan anual de actividades co obxectivo de dinamizar a normalización lingüística do galego no Centro.

Sección VI

Xunta de Avaliación

Artigo 27

O profesorado que compón a xunta actuará de maneira coordinada no proceso de avaliación e na adopción das medidas resultantes do dito proceso, sendo, polo tanto, obrigatoria a asistencia.

Artigo 28

O calendario das xuntas de avaliación será fixado a principio de curso e incluírase dentro da programación xeral, unha vez oído o Claustro. Para a súa

distribución ao longo do curso haberá que ter en conta o necesario equilibrio no desenvolvemento do proceso educativo.

Artigo 29

Ao inicio da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse unha avaliación inicial para coñecer o grao de desenvolvemento alcanzado polos alumnos e alumnas nos aspectos básicos da aprendizaxe e de dominio dos contidos nas áreas instrumentais.

Artigo 30

O/a titor/a deberá realizar informes de carácter ordinario ao remate dos cursos da educación secundaria obrigatoria facendo constar neles os datos máis relevantes da avaliación, coa finalidade, entre outras, de elaborar unha información básica sobre o alumnado para uso do titor/a do curso seguinte.

Artigo 31

Con carácter extraordinario, o/a titor/a terá que realizar informes individualizados de avaliación nos seguintes casos: cando un/a alumnado/a se traslade a outro centro sen rematar o curso; cando se traslade o profesorado titor e cando o profesorado titor cese nas súas funcións.

Artigo 32

As materias pendentes nos niveis que regulamentariamente se determinen serán obxecto, alomenos, dunha avaliación específica que se efectuará no mes de maio e será coordinada polos Xefes/as de Departamento. Para un mellor coñecemento, a comezos de curso faranse públicas as instrucións nas que figurarán o calendario de probas e todos aqueles aspectos que se consideren importantes para o coñecemento do alumnado.

Artigo 33

No caso de realizar probas parciais nas materias pendentes, o Xefe/a de Departamento informará á Xefatura de Estudos da participación ou non do alumnado así como dos resultados obtidos. O Xefe/a de Estudos trasladará a información aos titores/as correspondentes.

Artigo 34

Para unha maior eficacia no proceso de avaliación e para que o titor/a teña tempo de preparar as sesións de avaliación é preciso que as cualificacións de cada profesorado estean cargadas en XADE con 24 horas de antelación.

Artigo 35

Cos resultados da sesión de avaliación elaborárase unha acta á que se unirá unha copia da acta de avaliación asinada por todo o profesorado e o representante do Departamento de Orientación. Nela reflectiranse as incidencias, os acordos e as propostas adoptadas.

Artigo 36

Dentro do marco establecido legalmente, a Xefatura de Estudos fixará, respecto das avaliacións finais, o prazo, lugar e horario para a atención ás posibles reclamacións, informando, ademais ao alumnado que así o solicite, dos procedementos e mecanismos necesarios para realizalas.

Sección VII Xunta de Aula

Artigo 37

A xunta de Aula está formada por todo o profesorado que imparte clase na Aula e o conxunto do alumnado. A súa coordinación correspóndelle ó Profesorado-titor. A ela poderá asistir, sempre que sexa necesario a Xefatura de Estudos.

Artigo 37bis

A Xunta de Aula será convocada polo Titor a proposta do alumnado ou profesorado da Aula despois de valorado o rendemento académico e os factores que sobre el puideron ter incidido, trala celebración da Xunta de Avaliación ou en calquera outro momento que se considere oportuno.

TÍTULO II DA ORGANIZACIÓN EDUCATIVA

Capítulo 1 Da xornada escolar e do horario

Artigo 38

A xornada escolar está estruturada con seis módulos de mañá, ademais de 2/3 módulos na tarde de luns a xoves.

Artigo 39

A xornada continuada debe entenderse non como unha liberación de actividade laboral para o persoal docente, senón como unha ampliación de

tempo e espazo para a dedicación a outras actividades de evidente importancia que non teñen cabida no horario normal, e tamén, aínda que probablemente en menor medida, como a dispoñibilidade de máis tempo de traballo individual para o alumnado, especialmente os de cursos superiores.

Artigo 40

Neste sentido, as tardes quedan dispostas para a realización de actividades extraescolares, exames, clases de recuperación e/ou apoio, etc.

Artigo 41

Calquera variación puntual no horario ou intercambio de profesorado ha de contar coa aprobación previa da Xefatura de Estudos, que, á súa vez, deberá poñela en coñecemento do profesorado de garda.

Artigo 42

A Xefatura de Estudos, no caso de ausencia de un ou máis profesores/as, poderá realizar puntualmente aqueles cambios no horario que resulten favorables para o desenvolvemento da actividade escolar e para os que deberá contar coa aprobación do profesorado afectado.

Artigo 43

A realización de actividades lectivas fóra do horario establecido deberá contar coa aprobación da Xefatura de Estudos e a aceptación do alumnado.

Artigo 44

Dentro do horario lectivo en ningún caso se poderán realizar probas ou actividades que alteren os módulos establecidos ou que afecten a alumnado de grupos diferentes dos organizados academicamente, agás as organizadas e/ou autorizadas pola Xefatura de Estudos.

Artigo 45

As actividades lectivas desenvolveranse nas dependencias sinaladas. No caso de calquera alteración, solicitarase con antelación o correspondente permiso á Xefatura de Estudos.

Artigo 46

A utilización das Aulas específicas deberá ser solicitada con suficiente antelación na Xefatura de Estudos.

Capítulo 2

Da titoría

Artigo 47

O papel do titor é absolutamente esencial na formación do alumnado, polo que deben adoptarse todas as medidas necesarias para que realice as súas funcións do xeito máis eficaz posible.

Artigo 48

O Profesorado-titor será designado polo Director/a a proposta da Xefatura de Estudos de entre o profesorado que imparta clase a todo o grupo.

Para que o Profesorado-Titor poida realizar as súas funcións nas mellores condicións adóptanse as seguintes medidas:

- a) Celebración de reunións periódicas coa Xefatura de Estudos para unificar criterios e aclarar cuestións relativas a xuntas de avaliación, control de asistencia do alumnado, relación coas familias, etc.
- b) Posibilidade de celebración de reunións para analizar situacións e casos problemáticos, e adoptar, no caso de seren necesarias, as medidas que se estimen oportunas.
- c) Achega dos medios materiais necesarios, documentación, etc. para que os titores/as realicen o seu labor nas mellores condicións posibles, liberándoos, ademais, do maior número de tarefas burocráticas.
- d) Fomento da relación coas familias: celebrarase unha primeira reunión cos pais, nais ou titores legais do alumnado a principios de curso.

Artigo 49

Para a atención directa as familias do alumnado o profesorado-titor, terá fixada unha hora semanal de obrigado cumprimento, que figurará no seu horario individual e permanecerá localizable fundamentalmente na Sala de Profesorado.

Artigo 50

Nas etapas de estudos postobligatorios o profesorado-titor establecerá co alumnado, a comezo de curso a frecuencia de reunións co grupo e que non será inferior a unha mensual e necesariamente celebrarase fóra do horario lectivo.

Capítulo 3

Das gardas

Artigo 51

O obxectivo principal do profesorado de garda debe ser acadar o ambiente máis axeitado para que se desenvolvan normalmente as actividades formativas. Para iso fíxanse as seguintes instrucións:

- a) Velar por manter un ambiente de orde e silencio nos corredores á entrada e saída das clases.
- b) Anotar no correspondente Libro de Garda as faltas de puntualidade e as ausencias do profesorado, facéndose cargo do alumnado que quede sen clase.
- c) Anotar no Libro de Incidencias as que se produzan en relación co alumnado.
- d) O alumnado permanecerá na aula co profesorado de garda, se o profesorado da materia se ausentou.
- e) Soamente autorizará a entrada tardía na clase de aquel alumnado que ten xustificación para poder acceder á aula con retraso.
- f) Encargarse do control da Aula de Convivencia de acordo coa distribución que estableza ao respecto a Xefatura de Estudos
- g) O profesorado de garda debe permanecer durante todo o tempo na zona que teña asignada. De ser preciso a Xefatura poderá modificar puntualmente a distribución do profesorado de garda.

Artigo 52

Para os efectos das gardas establécese unha distribución das mesmas por nivel educativo: profesorado de garda da ESO, de Bacharelato e Ciclos Formativos, gardas de recreo da ESO.

Artigo 53

Para axudar no papel de control na Biblioteca e na medida en que os horarios individuais o permitan, haberá profesorado de garda nese ámbito.

Artigo 54

Durante toda a xornada escolar haberá sempre un membro do equipo directivo de garda que figurará nun horario específico que deberá ser público.

Capítulo 4

Da Biblioteca

Artigo 55

O centro dispón dun servizo de biblioteca que é, en todo momento, un lugar de estudo e, polo tanto, de silencio. Dentro da biblioteca o alumnado deberá seguir as instrucións da persoa encargada da biblioteca e, de ser o caso, do profesorado de garda.

Artigo 56

Dentro do horario establecido, a biblioteca tamén se pode utilizar durante os períodos de recreo.

Artigo 57

Unha vez dentro da biblioteca non se pode saír dela ata que soe o sinal para o intercambio de clases ou con permiso expreso do profesorado de garda ou da persoa encargada da biblioteca..

Artigo 58

A biblioteca ten establecido un sistema de préstamo dos seus fondos. En contrapartida, o alumnado está obrigado a devolver os libros no prazo estipulado e en perfecto estado de uso e conservación. O incumprimento dos prazos de devolución e o deterioro dos libros serán sancionados conforme as normas establecidas para o sistema de préstamos.

As obras enciclopédicas e dicionarios non poderán ser obxecto de préstamo aínda que poderá disporse delas para facer fotocopias no servizo de reprografía do instituto.

Capítulo 5

Das relacións coas familias

Artigo 59

Ao comezo de cada curso o equipo directivo remitirá ás familias unha información xeral entre a que terá que figurar necesariamente:

- a) nome do titor/a e horario de atención.
- b) nome dos membros do equipo directivo
- c) información sobre actividades extraescolares
- d) información sobre faltas de asistencia

- e) información sobre resultados académicos
- f) información sobre a posibilidade e o procedemento da revisión de cualificacións finais.
- g) información sobre a existencia dun departamento de orientación.

TITULO III DO PERSOAL

Artigo 60

O persoal do centro ten dereito a recibir información relativa á vida do Instituto; ten dereito a reunirse nel para tratar asuntos laborais e profesionais; tamén ten dereito ao respecto persoal e a que a súa vida privada e familiar non se vexa interferida polos problemas e asuntos de tipo académico.

Capítulo 1 Do persoal docente

Sección I

Dereitos e deberes do persoal docente

Artigo 61

O profesorado do centro, ademais do establecido nas presentes Normas, ten os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración Educativa.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Artigo 61 bis

O profesorado do centro ten, ademais das xa establecidas nas presentes normas, as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o seu horario persoal coa debida dilixencia e puntualidade.
- b) Controlar e rexistrar nos instrumentos establecidos as faltas de asistencia e puntualidade do seu alumnado e manter informado ao titor/a de calquera outra circunstancia que afecte a alumnado dese grupo.
- c) Impartir a súa materia axustándose á programación didáctica elaborada polo departamento.
- d) Dar a coñecer a principio de curso ao seu alumnado os criterios de avaliación e os contidos mínimos esixibles.
- e) Mostrar nas aulas ao alumnado os exames ou traballos corrixidos e cualificados.
- f) Facilitar aos pais ou representantes legais do alumnado as informacións que se deriven dos instrumentos de avaliación.
- g) Conservar os instrumentos de avaliación alomenos tres meses despois de realizadas as correspondentes avaliacións finais.
- h) Asistir ao Centro para atender posibles reclamacións contra as cualificacións finais.
- i) Realizar as actividades ás que se comprometen e posibilitar aquelas outras que se organicen no Centro.
- j) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- k) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

l) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

m) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles, que lle imponha a normativa aplicable.

n) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Sección II

Acción do profesorado na corrección de condutas contrarias á convivencia

Artigo 62

Afírmase como principio básico a formación integral do alumnado. Entendendo, polo tanto, que a acción educativa non se reduce ao aspecto estritamente académico, senón que se estende ao ámbito da formación como persoa, e que este obxectivo debe ser asumido por todos os sectores da comunidade educativa sen diferenzas de circunstancias, cargo ou función.

Artigo 63

O profesorado debe exercer a súa tarefa educativa en todos os ámbitos do centro, observando e corrixindo en todo momento as actitudes e comportamentos que se produzan en detrimento da convivencia.

Artigo 64

Toda corrección ten que ser equilibrada e proporcionada, tendendo á creación de actitudes positivas no alumnado e manténdose sempre nos estritos límites do dereito do alumnado a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal.

Artigo 65

Todo o profesorado terá presente que a eficacia na modificación de comportamentos, na maioría dos casos, depende da inmediata advertencia ao

alumnado da improcedencia do seu comportamento ou actitude e da prontitude na reprensión privada ou pública.

Artigo 66

O profesorado, na súa actividade docente na aula, debe corrixir todos aqueles comportamentos que entorpezan a acción educativa, a orde necesaria para o traballo docente e as faltas de respecto e consideración á súa persoa ou ao resto do alumnado.

Artigo 67

Todo o profesorado, por si mesmo, debe ser capaz de crear e manter na aula o ambiente adecuado para acadar os obxectivos prefixados nos respectivos deseños didácticos.

Artigo 68

Cando a presenza dun alumno/a se considere prexudicial, pódese remitir á Aula de convivencia facendo constar a causa. Neste caso o profesorado -no prazo máis breve posible- remitirá tamén a Xefatura de Estudos un informe conciso e razoado do comportamento do alumno/a por se fose susceptible dalgunha outra corrección ou tivese a consideración de conduta prexudicial para a convivencia do centro.

Artigo 69

O profesorado non permitirá en horas intermedias, salvo causa xustificada, a saída de ningún alumno/a da aula, antes de finalizar a hora da clase. A este efecto non se considera causa xustificada a realización de exames, recuperacións, ou calquera outro tipo de probas que afecten só a unha parte do alumnado da aula. Nese caso o profesorado deberá organizar actividades alternativas dentro da aula para o alumnado que non participe na proba.

Sección III

Das ausencias ao traballo

Artigo 70

A falta de asistencia a actividades reguladas por horario debe ser notificada coa antelación suficiente perante a Xefatura de Estudos. A xustificación será así mesmo inmediata e por iniciativa propia mediante o

impreso correspondente. De non mediar xustificación no prazo de tres días desde a reincorporación, consideraranse faltas inxustificadas.

Artigo 71

As ausencias imprevistas deberán comunicarse de forma urxente e pola vía máis eficaz a Xefatura de Estudos ou, no seu caso, ao cargo directivo de garda. Para a súa xustificación seguirase o procedemento establecido.

Artigo 72

A solicitude de permisos para a asistencia a cursos ou actividades de perfeccionamento terá que ser presentada na Xefatura de Estudos alomenos con quince días de antelación. O interesado deberá agardar a autorización expresa por parte da inspección. Unha vez realizada a actividade está obrigado a presentar o certificado que acredite a súa participación.

Artigo 73

O cómputo de horas para este efecto será polo total de horas non atendidas, entendendo como tales todas as que figuren no horario individual do profesorado.

Artigo 74

Cando se produza ausencia ás actividades por causa de conflito ou folga, por parte da Dirección realizarase o control necesario para comprobar a presenza ou ausencia do profesorado nas actividades que lle corresponden.

Artigo 75

O incumprimento reiterado no horario de entrada e saída nas actividades lectivas será considerado como unha falta de asistencia inxustificada.

Capítulo 2

Persoal de Administración e Servizos

Artigo 76

No ámbito do desenvolvemento das súas funcións, dispensarán ao alumnado un trato respectuoso e correcto pero firme, ao mesmo tempo que non consentirán de parte do alumnado faltas de consideración e respecto, desobediencias ás súas indicacións, comportamentos inadecuados, etc., que, de producirse, deberán ser comunicados ao profesorado ou cargo directivo de garda.

Artigo 77

O permiso de non asistencia prevista ao traballo deberá ser solicitado por escrito, no impreso normalizado, alomenos con 48 horas de antelación, perante a Dirección do Centro, que o concederá ou non segundo as necesidades do servizo.

Artigo 78

As ausencias imprevistas deberán comunicarse de forma urxente e pola vía máis eficaz posible ao Secretario/a do centro ou, se é o caso, ao cargo directivo de garda. A xustificación das mesmas realizarase polo interesado de forma inmediata ao incorporarse ao traballo.

Artigo 79

As reiteradas faltas de puntualidade e as ausencias momentáneas no traballo serán consideradas faltas de asistencia sen xustificar.

TITULO IV

NORMAS DE CONVIVENCIA

Capítulo 1

Dereitos e deberes do alumnado

Artigo 80

O alumnado do instituto ten os seguintes dereitos:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que asegure o total desenvolvemento da súa personalidade no marco dos Principios Educativos Básicos que definen as sinais de identidade do IES nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) Todos os alumnos e alumnas teñen dereito ás mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensinanza e, polo tanto, a non ser discriminados por razón de sexo, nacemento, etnia, capacidade económica, nivel social; por ideoloxía política, moral ou relixiosa; por discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas; ou por calquera outra circunstancia social ou persoal.
- c) A unha avaliación obxectiva do seu rendemento académico e polo tanto a coñecer os criterios de avaliación e promoción. Consecuentemente, o alumnado ten dereito a ver os exames e probas corrixidos e cualificados e os

seus pais e titores poderán reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao final de curso.

d) A recibir orientación persoal escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses

e) A que a súa actividade académica se desenvolva nas adecuadas condicións de seguridade e hixiene.

f) A ver respectada a súa liberdade de conciencia, convicións relixiosas, morais e ideolóxicas, así como a intimidade no que respecta a tales crenzas ou convicións.

g) A que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes, en particular os derivados de situación de acoso escolar.

h) Á reserva sobre toda a información da que o centro dispón sobre o alumnado referida ás circunstancias persoais e familiares coa excepción feita daqueles indicios dos que se poidan deducir malos tratos ou abandono de deberes coa protección aos menores.

i) A participar no funcionamento e na organización e xestión do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e dos órganos de participación propios.

j) A elixir os seus representantes mediante sufraxio directo e secreto para o Consello Escolar e os Delegados/as de grupo nos termos establecidos nestas normas. Tamén teñen dereito a coñecer calquera documentación administrativa do centro que lles afecte e a constituír asociacións, federacións e confederacións de alumnado.

k) A expresarse libremente sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.

l) A manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles poidan afectar. Se a discrepancia ten carácter colectivo, deberá ser canalizada a través dos seus propios representantes.

m) A ter garantido o exercicio do dereito de reunión dentro do horario do centro.

n) A utilizar as instalacións do centro coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións

necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto uso dos mesmos.

o) A participar voluntariamente nas actividades do centro así como a propoñer e promoverlas dentro do marco establecido.

Artigo 81

O alumnado ten os seguintes deberes:

a) Coñecer e respectar as normas de organización, convivencia, disciplina e académicas do instituto.

b) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

c) Asistir ás clases con puntualidade co material escolar preciso e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudos.

d) Cumprir con puntualidade o horario establecido para o desenvolvemento das actividades do centro.

e) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa no Centro.

f) Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos compañeiros/as.

g) Respectar a liberdade de conciencia, convicións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

h) Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, etnia, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.

i) Respectar o proxecto educativo do instituto.

j) Utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do instituto e coidar o seu estado, así como respectar as pertenzas dos membros da comunidade educativa.

k) Participar na vida e funcionamento do centro.

l) Observar un comportamento acorde cos principios formativos do centro.

Capítulo 2
Órganos de representación e participación do alumnado
Sección I
Dos Delegados/as de Aula

Artigo 82

Cada grupo-aula de alumnado elixirá, durante o primeiro mes do curso escolar, un Delegado/a que ostentará a representación do grupo diante das autoridades académicas e dos órganos unipersoais do Centro e será membro de Xunta de Delegados/as:

Artigo 83

Elixirase tamén un Subdelegado/a que substituirá ao Delegado/a nas súas funcións en caso de ausencia, enfermidade, etc.

Artigo 84

A elección de Delegados/as e Subdelegados/as será convocada polo Xefe/a de Estudos e organizada en colaboración cos Titores/as de cada grupo de alumnado.

Artigo 85

Procedemento electoral:

- a) Todo o alumnado da Aula son electores e elixibles, aínda que pode haber presentación previa de candidaturas, para o que os interesados deberán manifestalo persoalmente con antelación á votación.
- b) O voto será individual, secreto e non delegable.
- c) Antes de proceder á votación constituirase unha mesa electoral que estará presidida polo Titor/a e da que serán vocais o alumnado primeiro e último da lista da Aula, actuando como secretario o máis novo. Todos eles asinarán a Acta correspondente unha vez finalizado o acto electoral.
- d) Para a elección requirirase, na primeira volta, maioría absoluta, e, de ser precisa unha segunda volta, maioría simple. Na 2ª volta só participarán os catro candidatos con maior número de votos.
- e) Serán proclamados Delegado/a e Subdelegado/a aqueles alumnos/as que obteñan o maior número de votos de acordo co sinalado no punto anterior.
- f) Unha vez finalizada a votación e a clase, o Titor/a entregará a Acta cos resultados na Xefatura de Estudos.

Artigo 86

Os Delegados/as e Subdelegados/as poderán ser revogados, previo informe razoado dirixido ao Titor/a, pola maioría absoluta do alumnado do grupo que os elixiron. Neste caso procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días de acordo co establecido no artigo anterior.

Artigo 87

O Delegado/a de grupo non poderá ser sancionado polo exercicio dos seus cometidos como voceiro do alumnado.

Sección II

Da Xunta de Delegados/as

Artigo 88

A Xunta de Delegados/as, e conforme á lexislación vixente, está composta polos Delegados/as elixidos polo grupo-aula e polos representantes do alumnado no Consello Escolar do Centro.

Artigo 89

A Xunta de Delegados/as poderá reunirse en pleno ou por comisións cando así o requira a natureza dos asuntos que se vaian tratar. Nas comisións de cultura, deportes, actividades extraescolares, de relación co Consello Escolar, etc. deberá estar presente un representante de cada unha das etapas educativas e, polo menos, un representante do alumnado no Consello Escolar.

Artigo 90

A Xunta de Delegados/as reunirse fóra do horario lectivo no local que a Xefatura de Estudos habilite para tal ocasión, para o que deberá solicitalo con antelación.

Artigo 91

A Xunta de Delegados/as estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compañeiros/as nunha reunión convocada polo Xefe/a de Estudos inmediatamente despois de celebrada a elección de Delegados/as e Subdelegados/as de grupo.

Artigo 92

Son competencias do Delegado/a presidente/a da Xunta de Delegados/as:

- a) Convocar as reunións.
- b) Presidir e coordinar as reunións.

- c) Responsabilizarse de que se levante acta das mesmas.
- d) Facer chegar as propostas da Xunta aos órganos de dirección ou de coordinación didáctica do centro.

Capítulo 3

Da asistencia ás clases e demais actividades lectivas

Artigo 93

O alumnado ten a obriga de asistir con puntualidade a todas as actividades formativas programadas.

Artigo 94

O acceso á zona de aulas só se permitirá dentro do horario previsto, polo que calquera alumno/a que se retrase deberá xustificar o retraso diante do profesorado de garda. Así mesmo o alumnado disporá dun máximo de cinco minutos para reincorporarse á aula despois da clase de Educación Física.

Artigo 95

Os pais ou representantes legais do alumnado deberá xustificar, diante do Titor/a do grupo, no prazo de tres días, as faltas de asistencia dos seus fillos/as. Transcorrido ese prazo, a falta considerarase inxustificada.

Artigo 96

A reiteración nas faltas de asistencia á clase poderá ser corrixida, de acordo co Artigo 16.c. da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e cos Art. 113 e 114 destas Normas, con apercibimento, que constará no expediente individual do alumnado.

TITULO V

NORMAS DE CONVIVENCIA

Ao abeiro do disposto no Artigo 7.1.a. da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa concrépanse algunhas normas que, ademais de favorecer o respecto mutuo, oriéntanse a facilitar a convivencia na sociabilidade e a integración de todo o alumnado na comunidade educativa.

Capítulo 1

Do uso das dependencias e da conservación do mobiliario

Artigo 97

Todo o alumnado ten dereito a desenvolver a súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e hixiene:

- a) Todo alumnado debe contribuír activamente a conservar en perfecto estado e a manter limpas as instalacións do centro.
- b) Para o correcto mantemento das instalacións e garantir a seguridade, todo o alumnado debe comunicar ao seu profesorado, titores/as, etc. calquera desperfecto, anomalía ou deficiencia observada no funcionamento das instalacións do centro.
- c) O mantemento da limpeza e o respecto ao entorno do centro, ás árbores, ás plantas, etc., ademais de ser unha obriga do alumnado, é un exercicio de educación activa para a responsabilidade co medio natural.
- d) O alumnado debe respectar as normas de seguridade dentro do recinto do centro no que respecta á circulación de vehículos.
- e) O alumnado debe respectar as normas de seguridade dentro do recinto, evitando situacións que supoñan un risco inxustificable no emprego e manipulación do material (Talleres, Polideportivo, Laboratorios) sen autorización do profesorado ou responsable da actividade.
- f) Nas actividades extraescolares e complementarias o alumnado deberá observar en todo momento as instrucións do profesorado encargado.
- g) O alumnado usuario dos servizos educativos complementarios de transporte e comedor deberá manter en todo momento un comportamento adecuado e conservar en perfecto estado as instalacións e medios utilizados.

Artigo 98

O alumnado ha de ter un especial coidado na utilización dos aseos e no seu mantemento.

Artigo 99

Está prohibido fumar en todo o recinto do centro.

Artigo 100

Non está permitido o consumo de bebidas e comidas, fóra das zonas habilitadas para iso. Cando se consuman no recinto exterior, cafetería,

vestíbulo, etc., deberanse utilizar as papeleiras para depositar os envases e envoltorios.

Artigo 101

O alumnado debe contribuír activamente ao aforro enerxético e de auga: apagando as luces cando non son necesarias, cerrando fiestras e portas, controlando o consumo de auga, etc.

Artigo 102

Nos desprazamentos polos corredores, entrada e saída de clases ou do centro, o alumnado deberá observar as normas básicas de convivencia.

Artigo 103

Nos períodos de lecer, todo o alumnado deberá abandonar as zonas de aulas.

Artigo 104

Nos períodos de lecer, o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria non poderá abandonar o recinto do centro.

Artigo 105

Ante a ausencia dun profesor/a o alumnado deberá permanecer na aula ata recibir instrucións do profesorado de garda.

Artigo 106

O alumnado deberá atender en todo momento as indicacións que lle faga o profesorado ou o persoal do centro en cumprimento das súas funcións.

Capítulo 2

Das condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección

Principios xerais

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no plan de convivencia e no seu procedemento para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso formativo, polo que as correccións que se apliquen deben reunir os requisitos que se sinalan.

Sección I

Consideracións e gradación das condutas contrarias ás normas de convivencia

Artigo 107

Os incumprimentos das normas de convivencia valoraranse considerando a situación e as condicións persoais do alumnado.

Artigo 108

1. As correccións que haxan de aplicarse polo incumprimento das normas de convivencia haberán de ter un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

2. En todo caso, na corrección dos incumprimentos deberá terse en conta:

a) Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin do seu dereito á escolaridade.

b) Non poderán impoñerse correccións que atenten contra a integridade física e a dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas nestas Normas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Os órganos competentes para a instrución dun expediente ou para a imposición de correccións deberán ter en conta a idade do alumnado, tanto no momento de decidir a súa incoación ou sobreseemento como para efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.

e) Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado antes de resolver o procedemento corrector. Para estes efectos, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as aludidas circunstancias e recomendar, se é o caso, aos pais ou aos representantes legais do alumnado ou ás instancias públicas a adopción das medidas necesarias.

f) O Director/a determinará se a inasistencia a clase do alumnado por razóns xerais e comunicadas previamente pola Xunta de Delegados/as ha ser obxecto de correccións, debendo adoptar as medidas necesarias para que esta situación non repercuta no rendemento académico do alumnado.

Artigo 109

1. O alumnado que individual ou colectivamente cause danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do centro, ao seu material ou aos medios do transporte escolar e do comedor queda obrigado a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

Igualmente, o alumnado que substraese bens do centro deberán restituír o substraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnados serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

2. A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua. Ademais das correccións que se adopten no caso de faltas inxustificadas, a xuízo do titor/a, estas Normas establecen o número máximo de faltas por curso, área e materia e os sistemas extraordinarios de avaliación previstos para este alumnado.

Artigo 110

Para efectos da graduación das correccións:

1. Consideraranse circunstancias paliativas:

a) O recoñecemento espontáneo de súa conduta incorrecta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A falta de intencionalidade.

2. Consideraranse circunstancias agravantes:

a) A premeditación e a reiteración.

b) Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros/as de menos idade ou aos acabados de incorporar ao centro.

c) Calquera acto que supoña discriminación por razón de sexo, etnia, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas.

d) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, informáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

e) A natureza dos prexuízos causados.

f) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumnado ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Artigo 111

1. Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polo alumnado no recinto escolar, durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, ou no tempo de uso do transporte escolar e do comedor.

2. Igualmente, poderán corrixirse as actuacións do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa.

3. As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse, tamén, incluídas no ámbito de aplicación destas normas.

Artigo 112

O Consello Escolar do Centro supervisará o cumprimento efectivo das correccións nos termos en que foran impostas.

Sección II

Tipificación e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia

Artigo 113

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios telemáticos, electrónicos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O

acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por iniciativa propia ou a instancia de calquera membro da comunidade educativa, deberao por en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

Considéranse condutas que infrinxen levemente as normas de convivencia do centro:

- a) As faltas de asistencia ou puntualidade a calquera actividade lectiva.
- b) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases e demais actividades escolares.
- c) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificadas que non sexan considerados graves.
- d) Portar calquera obxecto, substancia ou produto, expresamente prohibido polas normas do centro, perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos membros da comunidade educativa cando non constituía unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- e) As faltas de hixiene e limpeza imputables ao alumnado.
- f) A inadecuación da indumentaria para as actividades do centro.
- g) O deterioro non grave, causado intencionadamente, das dependencias do Centro, do material deste, das plantas, dos obxectos e pertenzas doutros membros da Comunidade Escolar ou os medios do transporte escolar e do comedor.
- h) Calquera acto inxustificado que perturbe levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro; en especial a utilización extemporánea de teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos.
- i) Non respectar o exercicio do dereito ao estudo dos compañeiros/as en calquera momento e ámbito docente do centro.
- k) Realizar actividades non formativas en horario escolar e ámbitos do centro.

Artigo 114

As condutas descritas no artigo anterior poderán ser corrixidas con:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante o Xefe/a de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e) A retirada temporal por parte da Xefatura de Estudos do teléfono móbil ou aparello electrónico que fose causa da corrección. Para a súa devolución deberá estar presente o alumnado e o seu pai/nai ou titor/a legal.
- f) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- g) Cambio de grupo do alumnado por un prazo máximo dunha semana.
- h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dura a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- i) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dura a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- k) A reiteración nas faltas de asistencia á clase será sancionada con apercibimento, que constará no expediente individual do alumnado. Este apercibimento farase a proposta do profesorado da materia, do Titor/a ou da Xefatura de Estudos. No caso de que haxa faltas acumuladas de diferentes materias, a proposta de apercibimento correrá a cargo do Titor/a e da Xefatura de Estudos.

1. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para as distintas materias do curso.

2. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nunha determinada materia será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nestas NOFC. Para estes efectos determinarase pola Xefatura de Estudos a porcentaxe correspondente a cada materia.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada materia, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación no período de avaliación ordinaria e, se fose o caso, tamén no período de avaliación extraordinaria.

4. En ningún caso a perda do dereito á avaliación continua implica a perda da escolaridade.

5. Porcentaxes

H/semana	Horas/curso	10% red.
1	34,5	4
2	69	7
3	103,5	10
4	138	14
5	172,5	17

6. A PDAC en todas as materias tamén se producirá ó superar o 10% do horario total do curso. Esa contía fíxase en 76 sesións lectivas.

7. Para o alumnado de Formación Profesional Específica estarase ao que determine a lexislación vixente.

8. Son faltas de puntualidade as producidas por un retraso inxustificable na entrada á clase. Cando sexan reiteradas e/ou sistemáticas, o profesorado poderá computar a acumulación de cada tres desas faltas como unha (1) falta de asistencia que non será xustificable en ningún caso. Para os efectos do seu rexistro informático, indicarse como Asistencia a terceira de cada serie que se producise. As dúas anteriores figurarán como Puntualidade.

9. A aplicación da perda dereito á avaliación continua non poderá comportar a perda do dereito de asistencia á clase.

Artigo 114 bis. Reparación dos danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do seu custo económico ou da súa reparación. Así mesmo está obrigado a restituír o substraído ou, de non ser posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou titores/as legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo correspondese pola natureza dos feitos e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso correspondan.

Artigo 115

1. Serán competentes para decidir as correccións previstas no artigo anterior:

a) O profesorado do alumnado, oído este, as correccións que se establecen nos parágrafos a) e b), dando conta ao Titor/a e a Xefatura de Estudos.

b) O Titor/a do alumnado, oído o mesmo, as correccións que se establecen nos parágrafos a), b), c) e d)

c) A Xefatura de Estudos e o Director/a, oído o alumnado e o seu profesorado ou Titor/a, as correccións previstas nos parágrafos b), c), d), e) e f).

d) O Director/a, oído o alumnado, as establecidas nos parágrafos g), h), i), j) e

k). O Director/a aplicará a corrección prevista no parágrafo h) sempre que a conduta do alumnado dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas.

2. As condutas descritas no artigo 113 prescribirán no prazo de un mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán aos catro meses da súa imposición.

Capítulo 3

Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro

Sección I

Das condutas que prexudican gravemente a convivencia no Centro

Artigo 116

Non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro sen a previa instrución dun expediente que, trala recollida da necesaria información, acorde o Director/a de centro.

Artigo 117

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro:

- a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de convivencia do centro.
- c) A agresión grave física, psíquica ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave.
- d) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, etnia, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- e) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- f) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- g) As actuacións que constitúan acoso escolar.
- h) A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.

- i) Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nas instalacións, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- k) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- l) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.
- m) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase como indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar eses obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.
- n) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 118

1. As condutas enumeradas no artigo anterior poderán ser corrixidas con:

- a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- c) Cambio de grupo
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a catro días lectivos e inferior a dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo
- e) Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a catro días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dura a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

2. O Director/a impondrá as correccións enumeradas no apartado anterior de conformidade co procedemento previsto no artigo destas normas. Cando se impoña a corrección prevista no parágrafo e) do apartado anterior, o Director/a poderá levantar a suspensión do seu dereito de asistencia ao centro ou

readmitilo no centro antes do esgotamento do prazo previsto na corrección, previa constatación de que se produciu un cambio positivo na súa actitude.

3. Cando se impoña a corrección prevista no parágrafo f) do apartado 1 deste artigo a un alumno/a de ensinanza obrigatoria, a Administración educativa procurará ao alumnado un posto escolar noutro centro docente.

4. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán ao ano de firmeza en vía administrativa.

Sección II

Procedemento para a imposición de medidas correctoras

Artigo 119

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación dun procedemento disciplinario regulado neste artigo e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Corresponde acordar a incoación do procedemento ao Director/a do centro, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou do profesorado-titor/a do alumnado ou da Xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa e decidir o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

4. A incoación do expediente notificaráselle á nai ou pai ou titor/a do alumnado, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome do profesorado que actuará como persoa instrutora.

5. Excepcionalmente, ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o Director/a, por decisión propia ou por proposta, de ser o caso, do instrutor, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes.

As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades por un período que non sexa superior a cinco días.

6. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ao alumno/a e, se é menor de idade, á nai ou pai ou titor/a, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do establecido no artigo 120 destas normas.

7. Realizado o trámite de audiencia, o Director/a do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumno/a e impondrá, se fose o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

8. A resolución notificarase á nai ou pai ou titor/a do alumno/a, ou a este, se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde o momento en que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

9. A resolución do Director/a pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

Contra esta resolución cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días.

Artigo 120

As audiencias e comparecencias das nais e/ou pais ou dos /as do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios aquí regulados son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela (Art. 27 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación)

Artigo 121

O Director/a está obrigado a informar periodicamente ao Consello Escolar das medidas correctoras impostas, así como dos expedientes incoados.

Capítulo 4

Da cesión do uso das instalacións do Centro

Artigo 122

O centro poderá ceder o uso das súas instalacións a entidades ou particulares de acordo cos criterios e condicións establecidos nestas normas.

Artigo 123

Terán preferencia nese uso as entidades, grupos ou persoas da zona de influencia do Centro.

Artigo 124

A utilización da instalación non poderá interferir en ningún caso coas actividades propias do Centro.

Artigo 125

A solicitude de utilización, que deberá presentarse por escrito perante a Dirección do Centro, fará constar claramente:

- a) persoa ou entidade organizadora,
- b) responsable directo da actividade,
- c) natureza da actividade,
- d) duración e horario da mesma,
- e) necesidades materiais, de ser o caso.
- f) Destinatario da actividade.
- g) Compromiso expreso de asumir os gastos e reparación dos deterioros que se puidesen ocasionar

Artigo 126

A presenza no centro de persoas relacionadas coa actividade solicitada reducirase ao tempo estritamente necesario para o desenvolvemento da mesma.

Capítulo 5

Proxecto ABALAR

Normativa de uso, guía, mantemento e coidado do portátil

Artigo 127

Os portátiles forman parte dos recursos materiais do IES Ramón M^a Aller Ulloa, dentro do Proxecto Abalar. Son un instrumento de traballo escolar ao

que se ten acceso como usuario, polo feito da participación do IES neste Proxecto da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O alumnado deberá cumprir e respectar en todo momento esta normativa de uso, consciente de que o incumprimento da mesma traerá, ademais da perda dos privilexios de uso, calquera das sancións que se establecen de forma específica neste capítulo e, de xeito máis xeral, nestas normas.

Artigo 128. Da asignación dos equipos

a. Cada alumno/a ao incorporarse ao centro por primeira vez nun dos cursos de 1º ou 2º da ESO, terá asignado un portátil do que será responsable mentres siga matriculado en calquera dos referidos cursos.

b. Os equipos permanecerán sempre dentro da aula, sen que poidan ser trasladados a ningún outro espazo ou instalación diferente. a non ser que o alumnado vaia acompañado dun profesor/a, por exemplo no caso de materias que desdobran en aulas distintas.

c. O Coordinador Abalar disporase dun listado alfabético de alumnado onde se indicará a numeración do ordenador que lle corresponde a cada un.

Artigo 129. Da garda e custodia dos equipos

a. Cada alumno/a é responsable da custodia do portátil que ten adxudicado, debendo telo sempre vixiado durante o horario lectivo.

b. Cando non o precise para traballar na aula, depositarao no espazo que ten asignado a tal efecto no armario da súa aula.

c. O profesorado será responsable da chave do carro.

Artigo 130. Dos coidados básicos do equipo

a. Cando se estea a traballar co equipo, este deberá colocarse nun lugar estable para previr posibles incidencias (caídas, golpes) evitando caídas de obxectos sobre el e calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.

b. Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.

c. Non se pode coller o portátil pola pantalla. Sempre debe transportarse colléndoo pola base.

d. Evitar a exposición do portátil ao sol, á auga ou a fontes de calor (radiadores).

e. O portátil terá que estar no carro-armario cando non se estea a utilizar.

f. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil estea aberto ou pechado.

g. A pantalla é moi delicada. Non se debe tocar nunca cos dedos nin con ningún obxecto que non sexa o lapis óptico que ven co equipo.

Artigo 131. Das normas de utilización do portátil.

a. O alumnado non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesorado.

b. Cada alumno/a recollerá o portátil do carro-armario por orde, e segundo as indicacións do profesorado. En ningún caso se acudirá ao carro en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.

c. Sempre se collerá o portátil coas dúas mans, de xeito que, ao levalo, non lles tape a visión do camiño e tropecen.

d. Deberá levarse sempre con moito tino na aula e sen correr para evitar caídas ou golpes.

e. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno/a e sempre se collerá o portátil que corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.

f. Ao final da xornada os equipos deixaranse no estante correspondente do carro-armario de carga, apagados e conectados á rede eléctrica para recargar a batería. O alumnado devolverá o portátil ao lugar correspondente do carro, e irán por orde evitando aglomeracións.

g. Queda terminantemente prohibido sacar o portátil da aula.

h. Antes de coller o portátil o alumnado deixará a súa mesa libre, para evitar ter que deixalo en situación de equilibrio precario.

i. Cando o profesorado teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos.

j. Cando o alumnado teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posibles golpes e aforrar batería.

k. Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o alumnado precise axuda do profesorado, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula de clase.

l. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento no escritorio, dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a conservación.

Para gardar o seu traballo cada alumno/a disporá dunha carpeta no propio ordenador, e porá utilizar un lapis de memoria propio se así o desexa.

m. O carro pecharase con chave cando non se utilicen os portátiles. O responsable será o profesorado.

n. O equipo é responsabilidade do alumnado para o traballo de clase; ante calquera incidencia co mesmo deberán de avisar ao profesorado/a para cubrir a ficha de reparación.

o. Durante os recreos estes equipos deixaranse apagados no estante correspondente do carro-armario de carga.

p. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o alumnado ao que se lle ten asignado o portátil deberá de continuar a clase sen el.

Artigo 132. Das responsabilidades derivadas do uso do portátil.

Cada alumno/a é totalmente responsable do seu portátil. Terán consideración de **faltas graves ou moi graves**, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes accións:

a. Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.

b. A utilización da conta doutra persoa.

c. Calquera intento de danar equipos, materiais datos ou programas. O vandalismo conlevará a cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.

d. Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios.

e. Nas comunicacións deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias.

f. Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.

g. Revelar información persoal.

h. A falsificación ou o seu intento.

i. Suplantar outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.

j. O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais.

Artigo 133. Das avarías do portátil.

En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Por iso deberase facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador.

Avarías comúns.

- a. Cando o portátil estea avariado, deberá seguirse a clase con outro compañeiro.
- b. Se a avaría fose de índole menor o alumno/a esperará e estará presente mentres se solucione o problema. En caso de ser máis grave, deixará o equipo en depósito ao coordinador Abalar ata ser avisado, unha vez resolto o problema, a través do medio que se estableza. En calquera caso unicamente o alumno/a propietario/a pode recuperar o seu portátil e só a el lle será entregado.

Avarías debidas a uso indebido.

- a. Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, este non se lle devolverá ao alumno/a. Neste caso arbitrarase as medidas correctoras a que houberse lugar e recollidas nestas normas.
- b. Cando se detecte que un alumno/a está a ter avarías graves debido ao uso indebido ou ao coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves valorarase a súa participación no Proxecto Abalar.
- c. As avarías provocadas non están cubertas pola garantía polo que, se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o alumno/a o quen terá que pagar o custo da mesma.

Artigo 134. Das directrices e procedementos administrativos.

O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou valoración dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas nestas normas ou nos procedementos legais oportunos.

O portátil é un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito de participar no proxecto ABALAR. O alumnado e os seus pais ou titores

legais admiten desde un principio as normas establecidas para o seu uso e que o incumprimento das mesmas pode ser obxecto dalgún tipo de sanción.

Artigo 135. Das sancións.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa, serán, ademais daquelas que determine a lexislación, as que a continuación se sinalan:

- a. A retirada de privilexios de utilización do portátil.
- b. A retirada temporal ou definitiva do portátil.
- c. Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do desperfecto causado.
- d. Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa nestas normas.

ANEXO I

Artigo 47. Determinación do procedemento de corrección

1. A Dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
2. A Dirección do centro, asesorada, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a quen se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a Dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de

asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a Dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

Artigo 48. Inicio do procedemento de corrección

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a Dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos esixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á Dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación.

De non comunicárselle nada á Dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a Dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

4. A Dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado ue teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.

5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
- b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
- c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.
- d) Propor á Dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse á Inspección Educativa.

1. Sección 2ª. Procedemento conciliado

Artigo 49. Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto na lexislación.

Artigo 50. Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a Dirección convocará á persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e ás persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá á alumna ou o alumno e, de ser o caso, ás persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre

a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras que se van adoptar. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

Artigo 51. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora.

2. A persoa mediadora non substituirá á instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

2. Sección 3ª. Procedemento común

Artigo 52. Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector.

Artigo 53. Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.
2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

3. Sección 4ª. Terminación

Artigo 54. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a Dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:
 - a) Feitos probados.
 - b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
 - c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
 - d) Posibilidade de solicitar ante o Consello Escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A Dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á Xefatura Territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da Dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo Consello Escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Artigo 55. Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes

legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

Artigo 56. Prescrición de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Disposición adicional primeira. Actuacións para axilizar a tramitación dos procedementos correctores

Para os efectos de axilizar o procedemento de corrección de condutas contrarias á convivencia, a Administración educativa fomentará a xeneralización nos centros docentes da utilización de medios electrónicos, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.